

Regulamento de Constitución e Funcionamento do Consello Municipal da Muller

Capítulo I: Definición e ámbito de actuación

Artigo 1º

O Consello Municipal da Muller constitúese como o órgano de consulta, participación e coordinación deste colectivo na vida municipal, tanto a nivel individual coma colectivo.

Artigo 2º

O Consello Municipal da Muller realizará as súas funcións nos locais que o Concello de Pontedeume lle adxudique. Contará co apoio municipal para o seu funcionamento burocrático interno e formulará anualmente un informe das actividades que desenvolverá, con cargo á partida correspondente dos orzamentos municipais; así como unha memoria anual de actividades realizadas.

Artigo 3º

O Consello rexerese polo presente regulamento, polo Regulamento de participación cidadá e polas demais disposicións legais e regulamentarias que lle sexan de aplicación.

Capítulo II Fins xerais

Artigo 4º

Tendo como fin primordial de actuación a promoción da Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes no desenvolvemento das distintas políticas municipais e para dar cumprimento aos principios de transversalidade, pluralidade e participación nos que se basea o I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Pontedeume (2004-2007) créase o Consello Local da Muller como órgano que será consultado nos asuntos referidos a:

- Elaboración e cumprimento das disposicións municipais que afecten ás mulleres.
- Promoción de programas e proxectos de intervención en colaboración con outras entidades públicas e privadas, en temas relacionados coa muller.
- Incorporar a perspectiva de xénero nas distintas concellerías e nas políticas municipais .
- Establecer un espazo para favorecer a participación na vida cidadá, política, cultural, económica e social das mulleres eumesas como cumprimento e desenvolvemento dos principios constitucionais.

Capítulo III Funcións

Artigo 5º

1.- Para o cumprimento das funcións especificadas no artigo 4º deste regulamento corresponden ao Consello Local da Muller o desempeño das seguintes funcións:

- Orientar como órgano consultivo a política municipal co obxectivo xeral de acadar a igualdade real entre mulleres e homes. Así como informar e asesorar á Xunta de Goberno Local sobre as iniciativas levadas ao cabo.
- Velar polo cumprimento dos principios e accións establecidos no I Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Pontedeume (2004-2007) así como impulsar os futuros plans de actuación municipais no ámbito da igualdade de oportunidades.
- Promover e canalizar a participación tanto colectiva como individual das mulleres: propostas, suxestións, queixas... para o seu tratamento perante os órganos municipais competentes.
- Proponer comisións de traballo para a realización de investigacións, edicións de boletíns, revistas e publicacións sobre Igualdade de Oportunidades para as mulleres, así como sobre a súa realidade social, económica, política e cultural,
- Calquera outra función relacionada coas mulleres que lle poidan ser encomendada.

2.- As funcións do Consello Asesor da Muller exerceranse mediante a emisión de informes, ditames ou petición aos órganos de goberno municipais, e nunca serán vinculantes para os mesmos.

3.- O Consello Local da Muller, igualmente, poderá recoller a información que necesite para o desenvolvemento das súas funcións a calquera das concellerías municipais sempre que afecten ao ámbito local e estean relacionadas co tema da muller.

Capítulo IV Composición e Órganos

Artigo 6º

O Consello Local da Muller contará cos seguintes órganos:

1.- A Presidencia

Será exercida pola alcaldesa ou alcalde do Concello de Pontedeume, quen poderá delegar para o exercicio do cargo na concelleira ou concelleiro da Muller en caso de existiren.

A Presidenta ou Presidente ten a máxima representación do mesmo e responde perante a Asemblea Xeral. As súas atribucións serán as seguintes:

- Dirixir a actividade do Consello, convocar o Pleno.
- Presidir e levantar as sesións e dirixir as deliberacións.
- Realizar a proposta dos compoñentes e ceses dos membros do Consello.
- Calquera outra que lle encomende o Pleno do Consello.

2.- A Vicepresidencia

Será exercida por unha ou un vocal da Xunta de goberno local designado polo Pleno.

3.- A Secretaría

A secretaría do Consello Local da Muller será exercida por un/ha técnico/a empregado/a municipal pertencente á área da Muller a desinar pola Presidencia. Actuará con voz pero sen voto.

As súas funcións serán as seguintes:

- Confeccionar e enviar a convocatoria das reunións.
- Levantar acta das sesións do Consello e emitir certificacións dos acordos do Consello.
- Levar de forma actualizada o rexistro das persoas compoñentes e representantes dos distintos órganos, así como das altas e baixas.
- Aquelas que lle sexan encomendadas polo Consello.

4.- Vogais:

- A técnica ou técnico municipal para a Igualdade de Oportunidades ou a responsábel ou o responsábel técnica-o da área de Muller.
- Unha técnica ou técnico do Departamento de Servizos Sociais municipais.
- Unha ou un representante por cada unha das agrupacións políticas con representación municipal.
- Unha ou un representante de cada unha das centrais sindicais no ámbito municipal que teñan sección da Muller no seu seo.
- Unha ou un representante das asociacións veciñais do municipio.
- Unha representante de cada unha das asociacións de mulleres adscrita ao rexistro de asociacións municipais.
- Unha ou un representante do resto de asociacións ou entidades adscritas a dito rexistro.
- Unha ou un representante do Consello Local de Saúde.
- Unha ou un representante do Consello Escolar Municipal
- Unha ou un representante da Comisión de Seguridade Cidadá.
- Calquera outra persoa que o Consello, unha vez constituído, estime oportuno previa solicitude por escrito da ou do mesmo.

Así mesmo, poderán asistir con voz pero sen voto aquelas persoas que a xuízo da presidencia se consideren axeitadas por razón das súas competencias nas materias que se vaian tratar na orde do día. Ou a iniciativa propia previa solicitude presentada por escrito á presidenta ou presidente.

Artigo 7º. Nomeamento e duración

As e os representantes das asociacións e colectivos deberán acreditar o seu nomeamento mediante o acordo acadado polos órganos directivos e deberán achegar a seguinte documentación:

1. Estatutos da asociación ou organización.
2. Nº de rexistro da asociación no rexistro xeral de asociacións municipal.
3. Nome das persoas que ocupan os cargos directivos.
4. Domicilio social
5. Certificación do nº de socias.

6. Nome das persoas representantes e suplentes da asociación ou entidade no Consello Local da Muller.

Calquera modificación dos datos achegados deberá notificarse á secretaría do Consello dentro do mes seguinte a que se produza.

A duración no cargo de vogal será de dous anos, transcorrido dito período poderán ser ratificados ou renovados os mesmos.

En todo caso, a composición do Consello Municipal será obxecto de ratificación ou renovación necesariamente con cada nova corporación municipal.

Artigo 8º.

Perderase a cualidade de persoa membro do Consello por calquera das seguintes causas:

- 1.- Disolución da asociación.
- 2.- Vontade propia.
- 3.- Por baixa no Rexistro Municipal de Asociacións.
- 4.- Por falta de asistencia á asemblea xeral durante tres sesións consecutivas sen causa xustificada de calquera dos membros do Consello, dará lugar ao cese da ou do mesma-o e a súa correspondente substitución.
- 5.- Por ter conductas ou actividades contrarias aos principios e obxectivos do consello, apreciadas pola maioría da Asemblea Xeral.
- 6.- Polo incumprimento reiterado do presente regulamento, os acordos dos órganos de goberno e/ou a perturbación grave do funcionamento do Consello.

A dita perda será acordada pola Asemblea Xeral por proposta da Comisión Permanente, unha vez tramitado o expediente oportuno no que haberá que dar audiencia á asociación.

Capítulo V Funcionamento

Artículo 9º.

A Asemblea Xeral funcionará do seguinte modo:

- Reunirse en sesión ordinaria tres veces ao ano, como mínimo.
- Farao en sesión extraordinaria cando sexa solicitado polo menos por un terzo dos compoñentes do Consello ou polas comisións de traballo establecidas.
- As sesións serán convocadas cun mínimo de 5 días de antelación mediante escrito ao que se xuntará a orde do día. Os membros do Consello poderán solicitar a inclusión de novos puntos nesa orde 48 horas antes da celebración da sesión convocada.
- As sesións constituiranse en primeira convocatoria cando estean presentes a metade máis un dos seus membros. Se por falta de asistencia non puidera constituírse a sesión en primeira convocatoria, constituiríase en segunda media hora despois, sendo para isto necesaria a presenza da presidenta ou presidente así como da vicepresidenta ou vicepresidente e a secretaria ou secretario, e de cando menos un terzo das ou dos membros.
- As reunións do Consello Municipal da Muller, que terán carácter público, celebraranse no Salón de Plenos do Concello, agás que por imposibilidade se teña que utilizar outro espazo. En todo caso o lugar de celebración virá especificado no escrito da convocatoria.

- En ningún caso a representación no Consello Local da Muller levará retribución de ningunha especie.

Artigo 10º. Adopción de acordos e votación

Todas e todos os membros do Consello, a excepción da secretaria ou secretario e do persoal técnico do Concello, terán dereito de voto, que será exercido a man alzada ou secretamente a petición dunha ou dun dos vocais..

O consenso entre todos os membros defínese como a formula idónea a conseguir para a adopción de acordos polo Consello Local da Muller.

Para a adopción de acordos, no caso de que non se acade o consenso, no seo do Consello adoptaranse os acordos por maioría simple de votos das e dos asistentes.

O voto é persoal e só poderá ser delegado por parte das ou dos representantes dos grupos, asociacións e entidades noutra persoa de dita entidade. Non se admite o voto por correo.

En caso de empate o voto da presidenta ou presidente será dirimente

Artigo 11º

Sede do Consello Local da Muller.

O Consello Local da Muller terá a súa sede no domicilio da casa do concello, sita na rúa Real nº 13 en Pontedeume (A Coruña).

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMIERA

O Consello Local da Muller rexerese polo presente regulamento e as demais disposicións que lle sexan de aplicación, sempre de acordo co establecido no Regulamento de participación cidadá. En materia de funcionamento, en todo o non previsto no presente Regulamento aplicarase supletoriamente a Lei de Administración Local de Galicia e o Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

A modificación total ou parcial deste regulamento así como a disolución do Consello Local da Muller corresponde ao Concello de Pontedeume.

DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei

11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra este regulamento poderá interponerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.